

## 6.2.- VICTORINO PÉREZ PRIETO- "DO TEU VERDOR CINGUIDO".

"Do teu verdor cinguido". Ecoloxismo e cristianismo.

Ed. Espiral Maior. A Coruña, 1997- paxs. 221.

O título deste libro, que é o cuarto dos publicados por Victorino Pérez Prieto, indica xa con claridade o tema e o estilo con que se afronta nel o problema do ecoloxismo: desde a seriedade do pensamento filosófico e desde o «verdor» intrínseco do cristianismo, que fundamenta a sabedoría ecolóxica na experiencia bíblica de Deus en relación coa natureza.

Tanto a estrutura do libro como o estilo ameno con que está redactado fano accesible a todos. Os que vivimos nesta terra, «do seu verdor cinguidos», estamos chamados a descubrir nela o «mellor pulo místico cristián, que descubre e acolle a divindade, a totalidade, non por abstracción do real, senón por afondamento do existente, que é percibido como sinal de Deus e como tarefa humanizadora» (X.A.Migúelez, no prólogo do libro).

## 6.3.- MANUEL REGAL LEDO - "NO NOME DO PAI".

"No Nome do Pai" . Caderno de oración. Edit. Sept, 1997 - pags. 155.

Este libríño naceu -como outros de Manolo Regal- do intento de ofrecer materiais que faciliten a nosa oración desde a vida e para a vida.

Concretamente neste caso trátase dun material -proposto en 34 temas- para facer oración cada día na casa, «con todo aquilo que día a día a vida nos vaia poñendo ante os ollos, nas mans e no corazón».

A verdadeira aportación deste «Caderno de oración» está sobre todo na pedagogía que nel se nos ofrece, desde tres claves fundamentais: a vida en sí mesma, a comprensión de Deus como Pai, e a sabedoría de Xesús recollida no Evanxelio.